

PROXECTOS VOLUNTARIADO 2015/2016

ASOCIACIÓN	ACTIVIDADES
<p>ALDEAS INFANTÍS SOS GALICIA (Protección e apoio á infancia) ituranzas@aldeasinfantiles.es aldeasinfantiles@aldeasinfantiles.es Tel. 986471655</p>	<p><u>Programas de Aldeas Infantís SOS Galicia:</u> -Programas de protección de nenos e mozos -Programas de apoio á autonomía -Programas de prevención e fortalecemento familiar</p>
<p>ASOCIACIÓN “CARMEN AVENDAÑO” (Centro de inserción social) SubdirectorCIS.Vigo@dgip.mir.es www.institucionpenitenciaria.es Tel. 986-417411</p>	<p>-Programas de ocio e cultura -Programas deportivos</p>
<p>ASOCIACIÓN PAIS NENOS XORDOS aspsvigo@gmail.com Tel. 616821021</p>	<p><u>Programa do apoio ao inglés:</u> para nenos con implantes cocleares ou audífonos. Allies in English Obxectivo real: estimulación lingüística dos nenos xordos usuarios de audífonos ou implantes cocleares. Obxectivo específico: motivar aos nenos con discapacidade auditiva na aprendizaxe dunha lingua nova co que isto implica: cultura, tradicións, etc. Motivar activamente mediante actividades lúdicas que desperten o interese pola lingua, e potenciar o desenvolvemento lingüístico en todos os seus niveis. Perfil dos voluntarios: Nativos de lingua inglesa ou estudantes de Tradución e Interpretación (con inglés de lingua estranxeira) ou ben, Grao en Linguas Estranxeiras. Postos a cubrir con persoas voluntarias: sen determinar. Funcións do voluntario/a:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Todas as persoas voluntarias exercerán o mesmo tipo de tarefa: actividades lúdicas para estimular a aprendizaxe do inglés mediante xogos, cancións, manualidades, deportes, cociña, etc. 2. <p><u>Ocio e tempo de lecer:</u> apoiar aos Equipos directivos dos centros Arela no acompañamento, deseño e desenvolvemento de actividades de ocio e tempo libre. Perfil do voluntario: habilidades de relación e traballo en equipo, dispoñibilidade de tempo, non se require formación específica.</p> <p><u>Desenvolvemento de obradoiros/actividades puntuais:</u> impartir obradoiros ou desenvolver actividades específicas (elaboración e proposta de obradoiro ou actividade, impartir ese obradoiro) Pode ser unha persoa de xeito individual ou un grupo de persoas ou colectivo. Perfil do voluntario: habilidades de relación e traballo en equipo, dispoñibilidade de tempo, formación necesaria para o desenvolvemento do obradoiro/actividade. Variable segundo a actividade, en calquera momento do ano.</p>

<p>ASDEGAL (Asociación solidaria de Galicia) accionsolidariaasdegal@hotmail.com www.asdegal.org 629760176 / 986-418472</p>	<p><u>Programa de integración social</u>: facilitar a integración de persoas estranxeiras na sociedade viguesa. Dar a persoas inmigrantes os coñecementos necesarios para que se desenvolvan con soltura nas actividades cotiás. Perfil do voluntario: Voluntarios para acompañamento a maiores</p> <p><u>Programa de Apoio socioeducativo a menores en risco de exclusión social</u>: axudar a nenos a facer deberes e resolver dúbidas, impartir contidos específicos en función das necesidades do alumnado e fomentar o traballo en grupo.</p>
<p>DOWN (Asociación para o síndrome de down) downvigo@downvigo.org www.down.org Tel 986-201656</p>	<p><u>Programas:</u> Programa de formación. Programa de emprego con apoio. Fases do proceso de emprego con apoio. Contacto co mercado laboral. Adaptación para o posto de traballo, etc.</p>
<p>FUNDACIÓN CUME (Para o desenvolvemento de culturas e pobos) voluntariado@fundacioncume.org www.fundacioncume.org/ Tel. 986-207799</p>	<p><u>Proporcionar formación básica que posibilite a integración social de inmigrantes e/ou emigrantes retornados e minorías étnicas</u>: Impartir cursos de lingua española, alfabetización de adultos, lingua galega, habilidades sociais. Perfil voluntario: voluntarios con coñecementos de informática na elaboración de bases de datos.</p>
<p>FUNDACIÓN INTEGRA (Para a discapacidade intelectual) integralfundacion@yahoo.es www.integravigo.org Tel. 986-480338</p>	<p><u>Evolución persoal (persoas con discapacidade intelectual)</u>: apoio ao profesional que conduce ao grupo dentro da aula en actividades grupais.</p> <p><u>Elaboración de material didáctico</u>: labor informática para apoio á coordinadora na elaboración de material. As actividades realizaranse na entidade.</p>
<p>FUNDACION JUAN SOÑADOR (Diversos programas sociais) fundacionjuans@fundacionjuans www.fundacionjuans.org Tel .677924668</p>	<p><u>Proxecto Teranga Laboral - Centro Intercultural</u>: dirixida a inmigrantes e emigrantes retornados.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Alfabetización -Habilidades sociais -Técnicas de procura de emprego -Internet laboral -Apoio educativo -Orientación xurídica -Voluntarios para posta a punto de equipos informáticos -Formación laboral para impartir cursos de cociña, comercio, limpeza,..... <p><u>Espabila, goza do tempo libre</u>: pretende proporcionar un tempo de ocio aos nenos e nenas que se atopen nunha situación de risco social en Galicia (apoio na realización de actividades de tempo libre como monitor de tempo libre a nenos e nenas que se encontran nunha situación de risco social en Galicia (obradoiros, actividades deportivas, excursións...)</p> <p>Perfil voluntario: que teñan formación no ámbito social e/ou educativo, monitora ou monitor de tempo libre. As actividades desenvólvense en diferentes centros de menores da cidade de Vigo.</p>

	<p><u>Na rúa</u>: destinado a nenas/nenos en situación de risco e desvantaxe social (apoio na realización de actividades de tempo libre como monitor de tempo libre, apoio como docente en clases de apoio educativo (obradoiros, actividades deportivas, excursións...))</p> <p>Perfil voluntario: que teñan formación no ámbito social e/ou educativo, monitora ou monitor de tempo libre.</p>
<p>FUNDACIÓN MENIÑOS (Fundación para a infancia) delegacion.pontevedra@meninos.org www.meninos.org Tel. 667596683</p>	<p>Apoio a nenos en risco de exclusión. Especialmente apoio escolar.</p>
<p>SCOUTS DE GALICIA (Programas educativos en distintos eidos) scoutsgalicia@scoutsgalicia.org www.scoutsgalicia.org Telf.: 981 580215/678797685</p>	<p><u>Programa de mellora da calidade de vida infantil</u>: atender á poboación infantil ofrecendo un conxunto de accións destinadas ao aproveitamento activo do tempo libre baixo o método educativo do movemento.</p> <p>Actividades como axudante, responsable de unidade, responsable de grupo. Se realizan actividades de integración (campamentos, acampadas), coeducación (obradoiros e dinámicas), actividades de educación (videoforum, discoforum, xogos, roles...)</p> <p><u>Programa de Saúde</u>: ofrecer alternativas de tempo libre atractiva e informar e concienciar aos mozos e mozas sobre condutas de risco que poidan resultar negativas para a saúde.</p> <p>Realizaranse actividades para desenvolver hábitos saudables, educación sobre drogas, educación sexual, actividades xestión.</p> <p><u>Programa promoción social da mocidade</u>: inténtase ofrecer unha alternativa de tempo libre para os mozos e mozas a partir de 14 anos</p> <p>Actividades de integración (campamentos, acampadas, saídas, itinerarios) actividades de coeducación (obradoiros, dinámicas), actividades de educación dereitos humanos e autonomía (videoforum, discoforum, asembleas, xogos...), campañas de sensibilización e comunicación (participación solidaria), actividades xenéricas de xestión.</p> <p><u>Programa de promoción do voluntariado</u>: búscase concienciar sobre a importancia de adquirir un compromiso social tanto nos máis novos, como na poboación en xeral.</p> <p>Actividades de formación en voluntariado, actividades de sensibilización e concienciación, actividades de promoción e formación en actividades de xestión, administración, etc.</p>
<p>XENTENOVA (Asociación xuvenil de tempo libre educativo) axx@xentenova.org www.xentenova.org Tel. 626531723</p>	<p><u>Apoio escolar</u>: axudar aos nenos e nenas de primaria e secundaria a aprobar o curso, e fomentar o ámbito diario polo estudio.</p>

<p>AECC (Asociación española contra el cáncer) ainhoa.carrasco@aecc.es maria.noguerol@aecc.es www.aecc.es Telf.: 986 865220</p>	<p>Programa EDUSA: Informar e concienciar. Campana de prevención desde idades tempranas para crear hábitos saudables nos nenos e nenas que lles permitan levar unha vida san e de maior calidade, mediante os seguintes programas:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Actúa contra o cancro, actúa pola túa saúde. -<i>El bosque encantado</i>: programa de educación emocional. -Prevención tabáquica e consumo responsable de alcohol. -Alimentación san e responsable. -Educación sexual: prevención do VPH. -Prevención solar <p>Os voluntarios/as recibiran formación previa por parte da asociación.</p> <p>Programa primeiro impacto: Apoiar e acompañar. Programa para atender de forma inmediata e integral as necesidades do paciente e os seus familiares no momento inicial do diagnóstico. Os seus obxectivos son:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identificar de forma rápida a demanda dos pacientes. -Asegurar a priorización en función das necesidades psicosociais. -Determinar o programa máis adecuado. -Informar sobre o servizo que necesita o paciente. -Diminuír a conxestión dos servizos, mellorando o fluxo de pacientes dentro dos programas de atención psicosocial da AECC. <p>Os voluntarios/as recibiran formación previa por parte da asociación.</p>
<p>OFICINA DE COORDINACIÓN DE TRANSPLANTES DE GALICIA marta.alvarez.vazquez@sergas.es Telf. 881542863</p>	<p>Coordinación de Transplantes de Galicia Concienciación dos beneficios da doazón e do transplante e actividades de información, difusión e fomento da doazón de órganos e tecidos. Horario de atención das persoas voluntarias: de luns a venres de 8:00 a 15:00 h.</p>
<p>LOCALES DE CARITAS PARROQUIAL DE ALDÁN caritasparroquialdealdan@gmail.com www.caritas-santiago.org Telf. 986329289</p>	<p>Alfabetización e apoio escolar Apoio ás familias en situacións de vulnerabilidade e exclusión. Axuda educativa de apoio no contorno das familias. Apoio emocional. Ensino de técnicas educativas.</p>
<p>FEAFES GALICIA miguel@feafesgalicia.org www.feafesgalicia.org Telf. 986485779</p>	<p>Servizo de Ocio e Tempo Libre Feafes Galicia busca persoas de todas as idades que sexan dinámicas e sociables, preferiblemente cunha formación académica no campo social, aínda que non é un requisito imprescindible. Trátase de dinamizar e acompañar a persoas con enfermidade mental nas actividades de ocio e tempo libre organizadas para eles, acompañalos na realización de determinadas xestións, apoialos na busca de emprego e colaborar en xornadas e actos de sensibilización.</p>
<p>ASOCIACIÓN XARUMA xarumaorg@gmail.com www.xaruma.org Tel. 698142158 / 986127949</p>	<p>Inserción sociolaboral de persoas con discapacidade INREDE Inserción en tres dimensións O voluntariado da entidade apoia a xestión de actividades de rehabilitación e animación para persoas con enfermidade mental. Busca desenvolver actividades que promovan a inserción sociolaboral de mozos e mozas con discapacidade, favorecendo a educación medioambiental e a saúde mediante a formación, concienciación e protección do entorno que nos rodea. Actividades diversas</p>

<p>CIS VIGO (Centro Inserción Social Carmen Avendaño Otero) SubdirectorCIS.Vigo@dgip.mir.es Tel.986-417411 Persoa de contacto: Raquel Casal</p>	<p>Fomentar a reinserción e normalización das persoas que se atopan en semiliberdade -Talleres -Actividades deportivas</p>
<p>MÉDICOS/MÉDICAS DO MUNDO GALIZA Olalla Villaronga Seoane Técnica de Mobilización veronica.garcia@medicosdelmundo.org Tel. 981578182 Persoa de contacto: <u>Verónica García</u></p>	<p>Os programas que se xestionan en Vigo están coordinados por unha persoa técnica de intervención (contratada) e un grupo de persoas voluntarias que apoian a intervención e son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Programa de inclusión social de persoas drogodependentes e/ou sen fogar. Este programa lévase a cabo no Centro e Reducción de Danos (Illas Baleares, 15), onde se fan actividades de acollida (almorzo e hixiene), acompañamento e intervención socio-sanitaria, formación en saúde, intervención na rúa e actividades de sensibilización en centros educativos. O centro abre luns, mércores e venres de 8:30 a 14:30h. A persoa técnica responsable do programa é Patricia Torrado (patricia.torrado@medicosdelmundo.org) - Programa de inclusión social de persoas en situación de prostitución e/ou trata. Este programa lévase a cabo en pisos, clubs e na rúa coa Unidade Móbil (furgoneta). As actividades que se desenvolven son intervención e acompañamento socio-sanitario, formación en saúde, realización de probas de VIH e detección de indicios de trata. As saídas fanse en horario de tarde-noite (aprox. de 20h a 02h) e o grupo de voluntarias reúnese unha vez ao mes, normalmente os martes á tarde, para planificar as actividades e as saídas. A persoa técnica responsable é Irene Picos (irene.picos@medicosdelmundo.org) Aparte destes programas existe tamén un grupo de comunicación e de educación para o desenvolvemento. E se xestiona un programa de mellora do acceso ao sistema sanitario de persoas inmigrantes, pero que está centralizado en Santiago. Se desexas máis información podes ponerte en contacto comigo ou directamente coas persoas que levan os programas.
<p>TERANGA Noelia Soto Solana Coordinadora Centro de Atención a Inmigrantes Teranga. Vigo Ronda Don Bosco nº43, baixo. 36203. Vigo Telf. 886 116 485 / 677 924 668</p>	<p>Desde o Programa Teranga imos realizar unha formación de empregada de fogar e estamos buscando persoas voluntarias que poidan impartir algún dos seguintes módulos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Rama sanitaria 2. Rama de dereito: 3. Rama hostalaría 4. Rama sanitaria 5. Prevención de riscos laborais no fogar 6. Limpeza do fogar
<p>ACLAD ALBORADA María Besada Montenegro Orientadora orientacion@alborada.org Calle de Isaac Peral, 6, 36201 Vigo, Pontevedra Telf. 986 224 848</p>	<p>Voluntarios para axudar aos pacientes na proba libre da ESO e impartirles cursos sobre informática básica, coidado no uso do ordenador, apoio a cursos on line, etc.</p>

AMIGOS DA TERRA

Patricia Iglesias

voluntariado.galicia@amigosdaterra.net

Rúa Bedoia, 5 – 2º D

Telf. 988 374 318

www.amigosdaterra.net

Desde a Asociación “**AMIGOS DA TERRA**”, na que desde hai anos realízanse diferentes actividades con voluntariado tanto local como europeo, (baseándose en dous eixos de actuación: un reivindicativo e de activismo, e outro, de sensibilización e educación ambiental), solicitan persoas voluntarias para o seu Proxecto:

Nome do Proxecto: **MAPA DE RECURSOS CONTRA A OBSOLESCENCIA PROGRAMADA**

Desenvolvemento temporal: Setembro 2015 a xuño 2016

Obxectivo Xeral: Concienciar na redución de residuos e o consumo responsable

Obxectivo específico: Creación dun mapa de recursos para todas aquelas persoas que aporten na reutilización e a reciclaxe, evitando así consumir novos produtos e deixando de xerar residuos. O mapa sería un directorio de pequenas empresas ou negocios, organizacións, cooperativas, etc., en toda a xeografía galega que traballen pola reparación, reutilización, reciclado ou a venda de segunda man.

Búscase ter datos do máximo de cidades, vilas e pobos en Galicia.

O obxectivo final será ter unha ferramenta do estilo ao feito por Amigos da Terra en Francia.

www.pruitspourlavie.org/annuaire

As función do voluntario/voluntaria, sería a de recoller datos de empresas ou negocios, organizacións, cooperativas, etc. da súa contorna, que traballen pola reparación, reutilización, reciclado ou a venda de segunda man.

Actividades que van desenvolver por posto:

1. As persoas voluntarias interesadas poñeranse en contacto ca organización no correo voluntariado.galicia@amigosdaterra.net. Para indicarnos que localidade poden cubrir e se houbera máis persoas traballando na mesma zona, intentar coordinarse para evitar duplicidades. Unha vez posta en contacto explicaráselle pormenorizadamente o proxecto e enviaráselle vía web dous arquivos, un ca ficha a encher e outro cunhas instrucións básicas para para encher dita ficha e proceder ao envío da información.
2. Busca de establecementos que traballen a prol da obsolescencia programada (reparación, reciclado, venda segunda man,) na túa localidade.
3. Entrevista co responsable do establecemento para solicitar o permiso para incluír os datos no mapa de recursos
4. Cubrir unha sinxela ficha (nome establecemento, dirección, teléfono, horario, etc)
5. Sacar foto ao establecemento

Mandar ficha e foto a residuos@amigosdaterra.net

Tempo de dedicación dos voluntarios/as, segundo postos: unhas 15 horas, dependerá do número de locais que haxa ou queiran entrevistar

Número total de voluntarios necesarios: 5

Data de inicio/incorporación: outubro 2015

Data de finalización/saída: xuño 2015

Persoas/s responsable/s do proxecto de voluntariado:

Apelidos e nome: Patricia Iglesias

Cargo/posto de traballo/función: Responsable de voluntariado

Correo electrónico: voluntariado.galicia@amigosdaterra.net

Horario de atención e información aos voluntarios/as: 9:00-15:00

	<p>Lugar de realización das actividades:</p> <p>No domicilio particular da persoa voluntaria e na rúa recollendo datos. Se a persoa non dispuxese de internet para realizar a busca de establecementos aos que despois entrevistar, poderán achegarse ao local que posúe a asociación no enderezo indicado.</p> <p>Por favor, todos os interesados poñédevos en contacto coa persoa responsable do proxecto, xa que comezou en outubro e cómpre incorporarse á colaboración o antes posible.</p>
<p>CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Ana Hermelo Pousa Carrera del Conde, 14 – 15701 Santiago Telf. 981 554 433 www.caritas-santiago.org</p>	<p>Apoio en coñecementos escolares, ensino de técnicas educativas, apoio emocional, asesoramento legal. (Activades que van desenvolver os voluntarios: clases de apoio e alfabetización, atención legal, acompañamento e atención persoal ás familias nas súas necesidades).</p>